



CALENDARIO ACADÉMICO CURSO 2009/2010 TITULACIÓNS NON ADAPTADAS AO EEES

1. Período lectivo

O período lectivo do curso académico comprenderá do día 1 de outubro de 2009 ao día 30 de setembro de 2010.

Na última semana de setembro os centros poderán organizar, de forma voluntaria, cursos de nivelación, xornadas de información, xornadas de acollida ou outras actividades consideradas de interese para o alumnado.

2. Actividades académicas

O período de clases para o curso académico 2009-2010 comprenderá:

- Plano antigo e plan novo con estrutura anual: do 1 de outubro do 2009 ao 31 de maio de 2010
- Plano novo con estrutura cuadrimestral:
 - 1.º cuadrimestre: do 1 de outubro de 2009 ao 27 de xaneiro de 2010
 - 2.º cuadrimestre: do 23 de febreiro de 2010 ao 7 de xuño de 2010

3. Exames e actas

• Exames:

- **Fin de carreira:** do 1 ao 18 de decembro de 2009
- **Extraordinaria (decembro):** do 1 ao 18 de decembro de 2009
- **1.º cuadrimestre:** do 29 de xaneiro ao 22 de febreiro de 2010
- **2.º cuadrimestre:** do 8 de xuño ao 30 de xuño de 2010
- **Xuño (plano antigo):** do 1 de xuño ao 30 de xuño de 2010
- **Setembro:** do 1 de setembro ao 16 de setembro de 2010



- **Actas:** As datas límite para a sinatura e entrega das actas de exames serán:
 - **Fin de carreira: 22 de xaneiro de 2010**
 - **Extraordinaria (decembro): 22 de xaneiro de 2010**
 - **1.º cuadrimestre: 10 de marzo de 2010**
 - **2.º cuadrimestre: 16 de xullo de 2010**
 - **Xuño (plano antigo): 16 de xullo de 2010**
 - **Setembro: 30 de setembro de 2010**

As actividades académicas docentes e os exames interromperanse desde o día 21 de decembro de 2009 até o día 8 de xaneiro de 2010 (ambos os dous incluídos); os días 15 e 16 de febreiro de 2010 (Entroido), e desde o día 27 de marzo ao día 5 de abril de 2010 (ambos os dous incluídos).

Ademais non serán lectivos os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma, as festas locais onde estea localizado cada centro e a data da festividade do patrón de cada Centro, así como o día da apertura oficial do curso académico. A festividade de San Tomé celebrarase o día 28 de xaneiro de 2010, que non será lectivo en toda a UDC.

Sempre que as festividades dos centros coincidiren en martes ou xoves celebraranse o luns ou venres máis próximo; e de cadraren en mércores trasladaranse ao venres. As que cadraren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou seguinte.

Os centros con titulacións non adaptadas ao EEES poderán acollerse ao calendario académico dos graos sempre que se acordar en Xunta de Centro e se comunicar á Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións. Esta adaptación enténdese que lles afecta unicamente ás datas dos exames das materias, polo que en ningún caso pode supor alteracións ou modificacións do correspondente plano de estudos publicado no BOE.